



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de decembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

5.- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO. EXPTE. 26298/332.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR N. GONZÁLEZ ÁLVAREZ.

Visto o informe de fiscalización do 25/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 24/11/2022 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.”

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022.

2.- O referido Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm 231, de 2 de decembro de 2022. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 03/12/2022 e 02/02/2023.

3.- En data 05/12/2022, Dna. N. González Álvarez, con DNI ****7890*, presenta solicitude polos seus dous fillos matriculados nun centro de Vigo en 2º e 4º curso de Educación Primaria, xunto a unha serie de documentos (expediente 30737/332).

4.- Tras o período de verificación das solicitudes, o 21/04/2023, a Xunta de Goberno Local acorda, entre outros:

“SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 03:45	Páxina 1 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AEA947-EB3887-E4B88B-WHRY4J-P2R3UC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 1) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 2) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

No Anexo 2, publicado entre o 26/04 e o 10/05/2023, figura que na solicitude de Dna. N. GONZÁLEZ ÁLVAREZ faltan os seguintes documentos necesarios para a concesión da axuda: Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda e Certificados de matrícula emitidos polo centro escolar.

5.- A solicitante non realiza ningún trámite no período de emenda de solicitudes.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 01/06/2023 acorda, entre outros,

“TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 4).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 3) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido subsanadas en prazo (Anexo 4) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.”

No Anexo 4, publicado entre o 02/06 e o 02/07/2023, figura que a solicitude de Dna. N. GONZÁLEZ ÁLVAREZ non foi subsanada en prazo.

No devandito acordo, recóllese o réxime de recursos aplicables contra o mesmo.

7.- O 22/06/2023 dona N. González Álvarez interpón recurso de reposición (doc 230173625) contra o acordo da XGL sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, achegando certificación de conta bancaria da cal é titular e certificados de matrícula dos dous menores polos que pide a axuda.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para subsanación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 03:45	Páxina 2 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AEA947-EB3887-E4B88B-WHRY4J-P2R3UC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base oitava cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos requisitos; entre os mesmos atópase:

“d) *Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.*

e) *Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.”*

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases tendo presentado a documentación necesaria para a verificación do cumprimento destes requisitos.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona N. González Álvarez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de xuño de 2023, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

Segundo.- Conceder a Dna. N. González Álvarez, NIF ****7890*, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 410,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados”, por ter presentada a documentación necesaria esixida nas bases reguladoras destas axudas.

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 03:45	Páxina 3 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AEA947-EB3887-E4B88B-WHRY4J-P2R3UC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 03:45	Páxina 4 de 4
SUBVENCIONS	CSV: AEA947-EB3887-E4B88B-WHRY4J-P2R3UC-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		